



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2023

**GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS
ABERTAS:**

1. **Resolución da Presidencia núm. 54470/2022, con data do 30/12/2022, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2023.**

Primeira Xustificación:

2. **Resolución da Presidencia núm. 21432/2023, con data do 31/05/2023, que aproba a primeira xustificación de gastos do exercicio 2023.**

Segunda Xustificación:

3. **Resolución da Presidencia núm. 27835/2023, con data do 12/07/2023, que aproba a segunda xustificación de gastos do exercicio 2023.**

NOVA CORPORACIÓN 2023 - 2027

4. **Resolución da Presidencia núm. 30807/20233, con data do 08/08/2023, que aproba o primeiro pago da nova corporación (2023-2027) da asignación do exercicio 2023.**

Primeira Xustificación:

5. **Resolución da Presidencia núm. 49875/2023, con data do 22/12/2023, que aproba o segundo pago da nova corporación (2023-2027) da asignación do exercicio 2023.**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2022000052457

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego un importe trimestral de 12.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RCP 220229000791 .

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación /0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago da asignación do 2023, por un importe de 12.000,00 € a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA

GALEGO (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

SEGUNDO.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2023.

TERCEIRO.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

CUARTO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

QUINTO: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

SEXTO: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

SÉPTIMO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

OCTAVO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2022000052457

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O SEGUNDO PAGO (PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego un importe trimestral de 12.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustificado ascende a 10.603,97 € e para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta. A achega máxima por remate de mandato ascende a 28.000,00 €.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 10.603,97 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 28 de decembro do 2022 e o 17 de abril do 2023. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 17 de abril do 2023 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		48.000,00
I.-Achea máxima 2023 (7/12 do importe anual) por remate de mandato		28.000,00
II.- Importe trimestral da asignación		12.000,00
III.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		10.603,97
IV.-Importe reposición por gastos xustificados ata 17 de abril do 2023	1ª xustificación	10.603,97
	Total xustificado:	10.603,97
V.- Importe que se lle paga ao grupo político provincial		10.603,97
VI.- Pagos recibidos polo grupo:12.000,00+10.603,97		22.603,97

SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación /0000/91202/480 e aprobar o aboamento do importe de 10.603,97€, que resulta desta xustificación que se presenta do exercicio 2023, a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

TERCEIRO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente

CUARTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2022000052457

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A ÚLTIMA XUSTIFICACIÓN DA ASIGNACIÓN DO MANDATO INICIAL DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego un importe trimestral de 12.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe que se da por xustificado ascende a **16.136,04 €** e procede facer **efectivo o importe de 4.136,04 € para non superar a achega máxima (28.000,00 €) que corresponde por remate de mandato.**

Para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta.

Prodúcese unha economía neste mandato por importe de 1.259,99 € dado que o importe xustificado non acadou o total da achega prevista de 28.000,00 €

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de **16.136,04 €** a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido do 17 de abril de 2023 ao 6 de xullo de 2023. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 6 de xullo de 2023 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		48.000,00
I.-Achega máxima 2023 (7/12 do importe anual) por remate de mandato		28.000,00
II.- Importe trimestral da asignación		12.000,00
III.-Importe total xustificado: 2ª xustificación		10.603,97
IV.-Importe reposición por gastos xustificados ata o 06/07/2023	1ª xustificación	10.603,97
	2ª xustificación	16.136,04
	Total xustificado (1ª justif.+2ª justif.):	26.740,01
V.- Importe que se lle paga ao grupo político provincial		4.136,04
VI.- Pagos recibidos polo grupo: 12.000,00+10.603,97+ 4.136,04=		26.740,01

SEGUNDO .- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación /0000/91202/480 e aprobar o aboamento do importe de **4.136,04€**, que resulta desta xustificación que se presenta do exercicio 2023, a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

TERCEIRO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente

CUARTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2023000032928

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA NOVA
CORPORACIÓN (2023-2027) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 (DO 18 DE
XULLO AO 31 DE DECEMBRO) AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO.**

**Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da
Coruña,**

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego un importe trimestral de 15.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O pasado 18 de xullo tivo lugar a constitución da nova corporación. De conformidade co establecido nas normas de aplicación, o 27 de xullo tivo lugar a sesión do Pleno dedicada á organización provincial: No punto 2 da orde do día desta sesión tomouse coñecemento da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces e no punto 13 determinouse a contía das asignacións aos grupos políticos provinciais.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego designou ao membro autorizado para dispor os fondos ingresados na conta bancaria aberta para o efecto e ao responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións que procedan e de dar conta da xestión económica a efectos de xustificar o destino dos fondos. Todo iso a través de escrito con data do 27 de xullo do 2023 e en virtude do establecido na Base 58ª de execución do orzamento do exercicio 2023

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RC 220230035179.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación /0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago da asignación da nova corporación (2023-2027), por un importe de 15.000,00 € a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

SEGUNDO.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2023.

TERCEIRO.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

CUARTO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

QUINTO: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

SEXTO: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

SÉPTIMO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

OCTAVO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2023000032928

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O SEGUNDO PAGO (PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN DE GASTOS) DA NOVA CORPORACIÓN (2023-2027) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 (DO 18 DE XULLO AO 31 DE DECEMBRO) AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local. fixa para o grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego un importe trimestral de 15.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O pasado 18 de xullo tivo lugar a constitución da nova corporación. De conformidade co establecido nas normas de aplicación, o 27 de xullo tivo lugar a sesión do Pleno dedicada á organización provincial. No punto 2 da orde do día desta sesión tomouse coñecemento da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces e no punto 13 determinouse a contía das asignacións aos grupos políticos provinciais.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego designou ao membro autorizado para dispor os fondos ingresados na conta bancaria aberta para o efecto e ao responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións que procedan e de dar conta da xestión económica a efectos de xustificar o destino dos fondos. Todo iso a través de escrito con data do 27 de xullo do 2023 e en virtude do establecido na Base 58ª de execución do orzamento do exercicio 2023.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe total xustificado ascende a **23.469,69 €**.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de total de 23.469,69 € que resulta dos xustificantes achegados para atender os gastos que orixinou a actividade do GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO neste período que se xustifica do 2023 **e entender xustificado o gasto en trámite por importe de 15.900,00 €** cuxo pago material deberá acreditar o Grupo Político Provincial unha vez pagada a factura de ALBERTO SÁNCHEZ REGUEIRO (DISTRITO XERMAR) **antes do 28 de decembro do 2023**. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		60.000,00
I.-Achega máxima 2023 (5/12 do importe anual) por remate de mandato		25.000,00
II.- Importe trimestral da asignación		15.000,00
III.-Importe reposición por gastos xustificados ata 20 de decembro do 2023	1ª xustificación nova corporación	23.469,69
	Total xustificado:	23.469,69
IV.-Pago en trámite		15.900,00
V.- Importe disponible na c/c do Grupo, a data 20/12/2023		7.430,84
VI.- Importe que se lle paga ao grupo político provincial		8.469,16
VII.- Total aportaciónes 2023		23.469,69

SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación /0000/91202/480 e aprobar o aboamento do importe de **8.469,16 €**, que resulta desta xustificación que se presenta do exercicio 2023, a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

TERCEIRO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente

CUARTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.